


**MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AO CONTAXIO DE COVID-19 NOS PROCESOS  
SELECTIVOS DE BOMBEIRO NO CONCELLO DE VIGO: PROBAS DE 400 M E 2.000 M NAS  
PISTAS DE ATLETISMO**

As probas físicas, de acordo coas bases, faranse en varios días, que se poden alargar en función do número de aspirantes que accedan a súa realización, a duración das probas e das medidas excepcionais que a situación actual de pandemia obrigan a adoptar.

Estas medidas teranse en conta para a celebración das probas ás que fan referencia. En todo caso, deberán respectarse as indicacións das autoridades sanitarias vixentes en cada momento.

**1. MEDIDAS A ADOPTAR NAS PISTAS DE ATLETISMO MUNICIPAIS DE BALAIIDOS**

As probas de atletismo desenvolveranse nas pistas municipais de atletismo de Balaidos. Estas pistas teñen o acceso pola rúa dos Olímpicos, sinaladas cunha frecha vermella na imaxe da esquerda. Hai unha explanada ampla tanto polo lado da rúa coma no interior, entre a porta de acceso e as pistas. Este acceso conta cunha entrada de vehículos e unha contigua para peóns, podéndose utilizar calquera delas para o chamamento. Os/as aspirantes serán chamados de forma graduada para evitar aglomeración, esperarán na explanada interior para comezar co quentamento e, unha vez sexan requiridos, realizarán a proba adoptando en todo momento as medidas que se indican neste documento.

As probas a celebrar nestas instalacións polos aspirantes ás prazas de bombeiro/a son a de 400 m e a de 2.000 m.

Deberán respectarse as seguintes indicacións:

- Non se permitirá a asistencia de público ás probas físicas para minimizar o número de persoas e reducir ao mínimo posible o risco de contaxio.
- Os/as aspirantes acudirán coa roupa e calzado de deporte necesario para a realización das probas. Non se permitirá o uso dos vestiarios.
- A máscara será de utilización obrigatoria en todos os percorridos que se realicen polas instalacións e durante o quecemento. Poderán ser retiradas unicamente para a realización da proba no momento que o indique o tribunal da proba. O/a aspirante deberá ter previsto onde gardar a máscara durante a celebración da proba. Recoméndase ao tribunal que dispoña dalgúns sobres por se algún/ha aspirante o esquece.
- O chamamento de admitidos/as para a celebración da proba selectiva realizarase coa máscara posta. Non se retirará en ningún momento.
- No momento do chamamento o/a participante mostrará á persoa que realiza a chamada o seu DNI estendendo o brazo para permitir a súa visualización mantendo a distancia de seguridade.

SPPRL-CV 14/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 1 de 7

Expediente 36581/220

CSV: 2EE9D6-B649BF-2EB64H-FSYCV1-9GDB6P-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- No momento do acceso indícaráselle ao/á participante que lave as mans con solución hidroalcohólica
- No acceso ao recinto estará sinalizado o uso obrigatorio de máscara, a obriga de desinfectar as mans e de manter a distancia de seguridade.
- Se se permite beber durante o exame, a máscara será retirada o tempo imprescindible para realizar a inxesta.
- O tribunal deberá ter en conta a duración prevista das probas para realizar as convocatorias graduadas, tendo en conta que é necesario evitar as aglomeracións que se producirían en caso de que se produzan atrasos.
- Estará aberto un aseo para homes e outro para mulleres cun aforo máximo de 1 persoa por aseo, que terá sinalizado o aforo máximo, disporán de xabón e toallas de papel desbotables, así como de carteis con información sobre o correcto lavado das mans e papeleiras con tapa e pedal.
- Se o tribunal o estima conveniente, ademais das persoas que estean realizando a proba ou quentando, poderá haber aspirantes esperando en número non superior a 10 para as probas de 400 m e de 6 para a proba de 2.000 m na explanada localizada entre as portas de entrada e a pista, garantindo en todo momento que se mantén entre eles/as a distancia mínima de seguridade de 2 m.
- Para evitar aglomeracións en caso de atrasos imprevistos, o tribunal enviará aviso por SMS aos/as aspirantes do atraso que leva a proba mediante o sistema disposto por Administración Electrónica do Concello de Vigo. Este aviso se enviará tan pronto como se detecte que o atraso é de 20 minutos para a proba de 400 ou de media hora para a proba de 2.000 m. O atraso que levan as probas serán sinalizado tamén no acceso.
- O recinto conta cunha sala de illamento en caso de que algún aspirante desenvolva síntomas durante o tempo de espera ou de realización da proba. Esta sala de illamento é un dos vestiarios con ventás cara ao lateral do río, e en caso de ser necesaria a súa utilización manteranse as ventás abertas.
- As zonas de quentamento estarán sinalizadas, de forma que se garanta que cada zona de quentamento está separado da máis próxima por unha distancia mínima de 4 m. O quentamento realizarase coa máscara posta.
- O tribunal deberá gardar un rexistro daqueles aspirantes que coincidan simultaneamente realizando proba. Este rexistro deberá gardarse durante polo menos un mes.

### 1.1. Proba de 400 m

- Para a realización da proba de 400 m, dado que se realiza sen máscara, seguindo as indicacións da Dirección Xeral de Saúde Pública, deberá manterse unha distancia de 4 m entre aspirantes, polo que unicamente se poderán utilizarán 2 rúas de forma simultánea. Un sairá pola rúa 2 e o outro, co obxecto de maximizar a distancia correrá pola rúa 8, de forma que entre os dous haberá máis de 6 m de separación. Esta separación será maior tendo en conta que a saída é compensada, polo que a separación de máis de 6 m será a mínima no caso de que se produzan adiantamentos.
- Os/as aspirantes serán convocados coa cadencia que o tribunal estime necesaria para que non se produzan aglomeracións nas instalacións, tendo en conta a duración aproximada de cada proba e tempo necesario para comprobacións (a duración prevista da proba é de pouco máis de 1 minuto, ao que hai que sumar o tempo para colocarse na saída e tomar os tempos, polo que a cadencia de convocatoria non deberá ser menor a 3 minutos). Poderá haber ata un máximo de 5 grupos de 2 aspirantes simultaneamente: un grupo realizando a proba e os outros grupos quentando ou

SPPRL-CV 14/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 2 de 7

Expediente 36581/220

CSV: 2EE9D6-B649BF-2EB64H-FSYCV1-9GDB6P-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



esperando, segundo o tribunal o considera oportuno. Cada vez que un grupo remate a proba, abandonará as instalacións e outro será chamado para empezar co quentamento na zona que lle sexa indicada polo tribunal ou persoal de apoio.

## 1.2. Proba de 2.000 m

- Para a realización da proba de 2.000 m, dado que se realiza sen máscara, seguindo as indicacións da Dirección Xeral de Saúde Pública, deberá manterse unha distancia de 4 m entre aspirantes, polo que unicamente se poderán utilizarán 2 rúas de forma simultánea. Un sairá pola rúa 2 e o outro, co obxecto de maximizar a distancia correrá pola rúa 8, de forma que entre os dous haberá máis de 6 m de separación. Esta separación será maior tendo en conta que a saída é compensada, polo que a separación de máis de 6 m será a mínima no caso de que se produzan adiantamentos. Cada participante correrá toda a proba pola mesma rúa, para o que a saída deberá ser compensada na forma necesaria.
- Os/as aspirantes serán convocados coa cadencia que o tribunal estime necesaria para que non se produzan aglomeracións nas instalacións, tendo en conta a duración aproximada de cada proba e o tempo necesario para comprobacións (non menos de 12 minutos para a proba de 2.000m) . Poderá haber ata un máximo de 6 aspirantes (3 grupos de 2 aspirantes) para a proba de 2.000 simultaneamente: un grupo realizando a proba e os demais aspirantes quentando ou esperando dentro da zona que lles sexa indicada. Cada vez que un grupo remate a proba, abandonará as instalacións e outro será chamado cara á zona que lle sexa indicada polo tribunal ou persoal de apoio.

## 2. ACTUACIÓN EN CASO DE QUE ALGÚN DOS ASPIRANTES PRESENTE SÍNTOMAS COMPATIBLES COA COVID-19

Non poderán acudir a realizar a proba aquelas persoas que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aquelas persoas que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19. Tampouco acudirán aqueles que se atopen en período de corentena domiciliaria por manter un contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de COVID-19.

Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúen febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

En caso de que un/ha participante inicie síntomas compatibles coa COVID-19 durante a celebración da proba de selección, informará inmediatamente a un membro do tribunal ou persoal de apoio. Se procederá a facilitar unha máscara cirúrxica ao participante, e un membro de tribunal colocará unha máscara FFP2 ou FFP3 e unha pantalla facial e acompañará ao participante á sala illada e con ventilación prevista para esta circunstancia (sala COVID) localizada nun dos vestiarios que hai baixo as gradas, que dispón de ventá cara a zona do río. Se o/a participante está en condicións volverá polos seus propios medios ao seu domicilio. Se non fose así, contactarase co teléfono do médico de atención primaria do afectado ou o de información da Xunta para a COVID-19 (900 400 116) e seguiranse as súas indicacións. Para residentes fora de Galicia chamarase ao 881 00 20 21. No caso de que a persoa que inicia síntomas estea en situación de gravidade ou teña dificultades para respirar chamarase ao 061.

En caso de que quen presente síntomas sexa un membro do tribunal ou persoal de apoio, proporcionaráselle

SPPRL-CV 14/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 3 de 7

Expediente 36581/220

CSV: 2EE9D6-B649BF-2EB64H-FSYCV1-9GDB6P-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



unha máscara cirúrxica e en caso de poder irse ao seu domicilio polos seus propios medios, marcharase. De non ser así, illarase na sala prevista e chamará aos teléfonos indicados no parágrafo anterior. Se necesita que alguén lle acompañe, o/a acompañante utilizará máscara FFP2 ou FFP3 e pantalla facial.

Unha vez a persoa illada abandone o recinto, este ventilarase e darase aviso para que se proceda a súa limpeza e desinfección, así como ao baleirado da papeleira onde se depositaran máscaras, panos desbotables ou outros produtos utilizados polo sospeitoso de padecer COVID-19, que se desbotarán seguindo o protocolo correspondente (a bolsa de lixo será extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto).

En caso de que nos días seguintes á celebración do exame algún/ha participante sexa diagnosticado positivo en COVID-19, solicítase o comunique ao correo electrónico [ofi.persoal@vigo.org](mailto:ofi.persoal@vigo.org).

### 3. MATERIAL NECESARIO: CARACTERÍSTICAS

- Xel hidroalcohólico: autorizado polo Ministerio de Sanidade, con efecto virucida (conforme a UNE 14476) e rexistro na AEMPS.
- Solución desinfectante para limpeza de superficies: Disolución de lixivia (1:49) recentemente preparada ou calquera desinfectante incluído no listado de virucidas autorizado polo Ministerio de Sanidade destinado a usuarios público en xeral, salvo que a desinfección se realice por parte de profesionais coa capacitación necesaria para usar os produtos de uso profesional. Listado actualizado no seguinte enlace:  
[https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado\\_virucidas.pdf](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Listado_virucidas.pdf)
- A solución desinfectante e pano desbotable poden ser substituído polo uso de toallíñas empapadas en solución desinfectante, que deben estar incluídas no listado de virucidas autorizado polo Ministerio de Sanidade.
- Máscaras desbotables:
  - hixiénicas (conforme a UNE 0064-1:2020 + ensaio de laboratorio no que aparezan claramente identificados os valores de eficacia de filtración bacteriana (BFE $\geq$ 95) e respirabilidade ou presión diferencial (<60 Pa/cm<sup>2</sup>). Recoméndase que o laboratorio estea acreditado para realizar estes ensaios pola entidade de acreditación do seu país (en España ENAC, <https://www.enac.es>) ou, de non estar especificamente acreditado para o ensaio, estea acreditado por ENAC como laboratorio para ensaios/productos similares e teña experiencia contrastada.
  - cirúrxicas (con marcado CE conforme a UNE 14683:2019+AC:2019 + ensaio de laboratorio no que aparezan claramente identificados os valores de eficacia de filtración bacteriana (BFE $\geq$ 95) e respirabilidade (<60 Pa/cm<sup>2</sup>)+ declaración de conformidade)
- Papeleiras dotada de bolsa para o lixo, tanto no recinto previsto para o exame (deberá haber como mínimo unha na porta de acceso e unha na sala COVID). Nesta sala a bolsa de lixo será dobre.
- Sinalización de uso obrigatorio da máscara, obriga de desinfectar as mans, obriga de manter a distancia de seguridade.
- Sala de illamento, que deberá contar con ventás para garantir a ventilación.

SPPRL-CV 14/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 4 de 7

Expediente 36581/220

CSV: 2EE9D6-B649BF-2EB64H-FSYCV1-9GDB6P-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- EPI:
  - Máscara FFP2 ou FFP3 sen válvula de exhalación: EPI categoría III con marcado CE conforme á UNE EN 149:2001+A1:1010 + declaración UE de conformidade emitido polo fabricante + certificado de exame UE de tipo expedido por organismo notificado.
  - Pantalla facial: EPI categoría III con marcado CE conforme á UNE EN 166 campo de uso 3, protección fronte salpicaduras de líquidos, para quen acompañe á persoa que presente síntomas compatibles coa COVID-19.
  - Luvas: EPI categoría III con marcado CE conforme á EN 374- 5:2016 (inclúe pictograma de risco biolóxico coa palabra VIRUS debaixo deste), para quen presente feridas, cortes, vendas ou férulas nalgunha man.
- Panos desbotables (pode ser bobina de papel desbotable).

SPPRL-CV 14/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 5 de 7

Expediente 36581/220

CSV: 2EE9D6-B649BF-2EB64H-FSYCV1-9GDB6P-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**ANEXO: Indicacións para aspirantes a incluír nas convocatorias das probas na pista de atletismo**

- Ningunha persoa acudirá á realización da proba se está en corentena, foi diagnosticada como positiva en COVID-19 e non finalizou o período de illamento, presenta síntomas compatibles coa COVID-19 (febre alta, tos seca e falta de aire son os máis comúns) ou se atopa en período de corentena por haber tido contacto estreito cunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.
- Non se permitirá a utilización dos vestiarios polo que os/as aspirantes deberán acudir coa roupa que vaian utilizar na realización das probas.
- A utilización da máscara é obrigatoria agás no momento de realización da proba. Non será retirada ata que o tribunal llo indique. Deberá levar unha bolsa ou sobre para gardala mentres se realiza a proba. Recoméndase levar máscara de reposto por se se deteriora a que leva posta.
- En caso de que algún/ha participante pertenza ao grupo de poboación vulnerable fronte á COVID-19 e necesite dalgunha adaptación indicada polo seu profesional sanitario, o comunicará ao órgano convocante no prazo máximo de 3 días hábiles dende a publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, xustificando esta vulnerabilidade adecuadamente mediante certificado médico.
- Recoméndase non acudir acompañados/as para evitar aglomeracións.
- Deberá ser puntual na hora da convocatoria para o chamamento. En caso de que a proba vaia con atraso, recibirá un sms con aviso para que se presente máis tarde. Respecte estas indicacións para evitar aglomeracións.
- Deberá manter a distancia de seguridade en todo momento, tanto no interior como no exterior das dependencias.
- Evitará aglomerarse ao redor da porta de acceso. O chamamento realizarase co suficiente volume como para permitir que escoite perfectamente. Serán convocados de forma graduada para evitar aglomeracións.
- Ensine o DNI estendendo o brazo cara a persoa que realiza o chamamento para facilitar o proceso, acceda e lave as mans con solución hidroalcohólica.
- Tralo chamamento seguirá as indicacións do tribunal ou persoal de apoio. Esperará na zona que lle indiquen ata que sexa avisado para comezar co quentamento, mantendo a distancia mínima de seguridade de 2 m co resto de aspirantes en todo momento.
- Non se permitirá o uso dos aseos salvo urxencia. En caso de utilizarse, respectaranse os aforos e manterase a distancia mínima de seguridade en todo momento.
- Respectarase a sinalización do recinto en todo momento (distancia de seguridade, límite de aforo, sentidos de circulación).
- Unha vez finalizada a proba abandonará as dependencias e inmediacións evitando aglomeracións de persoas.
- Se nas seguintes 72 horas á celebración do exame é diagnosticado/a positivo/a en COVID-19, solicítase o comunique ao Concello de Vigo no correo electrónico [ofi.persoal@vigo.org](mailto:ofi.persoal@vigo.org) por se fora necesaria a adopción de medidas preventivas.
- No caso de aparición de síntomas durante a celebración da proba avisarase ao tribunal ou

SPPRL-CV 14/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 6 de 7

Expediente 36581/220

CSV: 2EE9D6-B649BF-2EB64H-FSYCV1-9GDB6P-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO  
DE VIGO**



ÁREA DE RECURSOS HUMANOS  
E FORMACIÓN

persoal de apoio. O recinto conta cunha sala COVID ao que será conducido neste caso. Os síntomas máis comúns compatibles coa COVID-19 inclúe febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

SPPRL-CV 14/2021



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/03/2021 12:37

Páxina 7 de 7

Expediente 36581/220

CSV: 2EE9D6-B649BF-2EB64H-FSYCV1-9GDB6P-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>